



ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. Cristina Cadena Freire. D. Emilio Mesías Farías.</p> <p>ASISTEN VIDEOCONFERENCIA :</p> <p>Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta minutos do día vinte e tres de febreiro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede Orzamento 2021.

Dáse conta da memoria explicativa do proxecto de orzamento municipal 2021 de data 25 de xaneiro de 2021 que a continuación se transcribe;

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2021

Os orzamentos municipais deste Concello para o exercicio 2021 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir devanditos gastos.

Trátase duns orzamentos baseados no seguimento do cumprimento do Plan de Axuste, así como a procura da eficiencia na xestión municipal.

Ademais reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financeiro da administración local.

O obxectivo é que este Concello sexa una administración ben xestionada e solvente, e que se rexe polo equilibrio orzamentario.





A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV-2.

Neste marco de crise sanitaria, o orzamento do exercicio 2021 caracterízase polo incremento dos investimentos básicos asociados ó ciclo da auga e axudas sociais e ao comercio. Así, o Orzamento para 2021 ascende a 6.288.484,42 €, o que supón unha redución en relación as anteriores orzamentos, pois dun lado é consecuencia da sinatura do acordo extraxudicial asinado en Santiago de Compostela o 30 de decembro de 2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares,S.A. (Cláusula segunda, punto 3º) no senso de que a partir do 1 de xaneiro de 2020 as facturas que se emitan pola xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas ou as emitidas no marco do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos xiraranse a cada un dos tres concellos nas porcentaxes que lles corresponda

bombeos, así como de recibir as correspondentes contías dos Concellos de Fene e Mugardos, o que viña supoñendo para o Concello de Ares problemas orzamentarios, pois se aboaba polo Concello de Ares nun exercizo determinado e no seguinte era reintegrado polos Concellos de Fene e Mugardos, habendo este último acumulado unha importante debeda en varios exercizos, xa aboada a primeiros de mes.

Coa aprobación e entrada en vigor do PXOM aprobado por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 5 de febreiro de 2020 (DOG de 14/02/2020) espérase





unha reactivación si ben non a nivel de obra nova sí a nivel de rehabilitación e reformas, especialmente nos núcleos de poboación que conlevará un incremento na recadación do ICIO.

Cumpre en relación á operación de préstamo á que se acudirá para resolver o problema do ciclo integral da auga en Ares así como diversas actuacións consideradas prioritarias e de interese esencial como son as actuacións encaminadas a un novo cemiterio, etc, que coa última liquidación practicada a 21-12-2019 daba o seguinte resultado

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	1.392.566,20 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2018]	6.427.791,60
=	% DEBEDA VIVA	21,66 %

Previsión carga financeira coa última liquidación practicada 2019 + operación prevista préstamo 2.000.000,00 €. :

	DEBEDA VIVA TOTAL prevista	3.392.566,20
	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2019]	6.427.791,60
	% DEBEDA VIVA	52,77 %

En relación ao persoal, autorizada pola Lei de Orzamentos Xerais do estado para 2021 é de resaltar que a Disposición adicional centésima quincuaxésima novena “**Tasa adicional de reposición de la policía local**” adicionalmente ó previsto no artigo 19 da Lei 11/2020, e co fin de garantir o exercizo das funcións das Administracións Públicas en materia de seguridade e orde público, no suposto de que en aplicación do establecido no artigo 206.1 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social se produza o anticipo de idade de xubilación dos policías locais, as Entidades Locales poderán dispoñer durante 2020, exclusivamente para este colectivo, dunha tasa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevean neste exercizo en no exercizo 2021 como consecuencia de dito adelanto da idade de xubilación. Esta taxa adicional descontarase da que poidera corresponder nos exercizos 2021 y 2022.

Tamén no presente Orzamento corríxese o erro material en relación á praza de axente telecentro clasificado na RPT como C-2, correspóndendolle o C-1, así como a creación de dúas praza de Policía Local con cargo ás catro prazas de auxiliar da Policía Local que se veña recollendo polo período de seis meses e a dotación dunha praza de auxiliar administrativo.





Tras estas consideracións iniciais analízase a estrutura económica dos ingresos do Orzamento deste Concello para este exercicio:

CADRO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	2.139.500,00
2	Impostos Indirectos	100.000,00
3	Taxas e Outros Ingresos	1.625.670,00
4	Transferencias Correntes	2.154.479,89
5	Ingresos Patrimoniais	300,00
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00
7	Transferencias de Capital	268.534,53 €
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		6.288.484,42 €

Avaliación de Gastos

Os gastos deste Concello calculáronse tendo como base a Liquidación do Orzamento de 2019 e o avance de liquidación do seis primeiros meses do exercicio 2020 deducidos do estado de tramitación de gastos segundo móstranos a contabilidade.

Tras estas consideracións iniciais analízase a estrutura económica dos gastos do Orzamento deste Concello para este exercicio:

CADRO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GAST
1	Gastos de persoal	2.018.680,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.153.000,00
3	Gastos financeiros	33.000,00 €
4	Transferencias correntes	264.838,00 €
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
6	Investimentos reais	418.966,42 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos Financeiros	0,00 €
9	Pasivos Financeiros	400.000,00 €
TOTAL		6.288.484,42 €

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto





500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2021, cuxo importe ascende a **6.288.484,42 €**, acompañado desta Memoria.

Ares, a 25 de xaneiro de 2021.

O Alcalde,

Dáse do informe de Secretaría-Intervención de estabilidade orzamentaria e informe económico-financieiro do orzamento 2021, data 26 xaneiro do 2021, que a continuación se transcribe:

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

ORZAMENTO 2021

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de

5 de marzo define aos Orzamentos Xerais das Entidades locais, establecendo que constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade local correspondente.

Pola súa banda, o artigo 112 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local recolle que as entidades locais aproban anualmente devandito orzamento único.

Así as cousas, o Orzamento Xeral dunha Entidade local coincidirá co ano natural e estará integrado polo da propia entidade e os de todos os organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia dependentes daquela.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

Artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se





desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamento.

TERCEIRO. A Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

O Proxecto do Orzamento Xeral do Concello de Ares para o exercizo económico de 2021, formado polo Presidente da entidade, ascende á cantidade de 6.288.484,42 euros no Estado de Gastos e de 6.288.484,42 euros no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial cumprindo o previsto no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2021, formado polo Presidente da entidade, queda integrado por:

O Orzamento da propia entidade, o cal ascende ás seguintes cantidades:

Estado de gastos: 6.288.484,42 euros.

Estado de ingresos: 6.288.484,42 euros.

De conformidade co anterior, o Proxecto de Orzamento Xeral Consolidado de Concello de Ares para o exercicio económico 2021, ascende á cantidade de 6.288.484,42 euros no Estado de Gastos e de 6.288.484,42 euros no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial cumprindo o previsto no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

CUARTO. O proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2021 que se deberá someter á consideración do Pleno da Corporación, está estruturado e adaptado ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Así, os estados de ingresos do Orzamento que ascende a 6.288.484,42 euros, confeccionáronse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Do mesmo xeito, os estados de gastos que ascenden a 6.288.484,42 euros atenden ao disposto no artigo 167 TRLRHL e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

A aplicación orzamentaria definiuse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.





QUINTO. Así mesmo e de conformidade co disposto nas bases de execución do Orzamento, nos créditos do estado de gastos e respecto da Clasificación por Programas, o nivel de vinculación xurídica é, como mínimo, a nivel de Área de Gasto, e respecto da Clasificación económica é, como mínimo, o do Capítulo, cumprindo o previsto no artigo o artigo 29 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

SEXTO. Conforme ao disposto nos artigos 164 a 166 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao orzamento deberá de unirse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do Orzamento.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- Estado de gastos e estado de ingresos para cada un dos orzamentos que nel intégranse.
- Bases de execución do orzamento.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
- Anexo do Estado da Débeda.
- Informe económico-financieiro.
- Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- Informe de Avaliación do Cumprimento da Regra de gasto.
- Así como, no seu caso:
- Documentación dos Organismos Autónomos
- Documentación das Sociedades Mercantís Municipais

De conformidade co disposto nos artigos mencionados do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente contén toda a documentación esixida, contén todas as previsións que a normativa establece, así como cumpre todos os trámites esixidos.

SÉTIMO. Así mesmo e, de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria, o orzamento está sometido a unhas regras básicas que determinan o seu contido, ámbito temporal así como determinados aspectos do mesmo, os chamados principios orzamentarios.

Tal e como se desprende deste informe así como da documentación que polo obra en expediente, entre os citados principios, que se cumpren na súa totalidade, cabería destacar os seguintes:

O principio de universalidade, pois o orzamento debe recoller a totalidade dos ingresos e dos gastos da entidade.





O principio de orzamento bruto na súa vertente contable do principio de universalidade, pois as aplicacións orzamentarias aparecen polo seu valor mutuo e sen minoracións.

O principio de unidade orzamentaria pois toda a actividade da entidade queda recollida nun único estado de ingresos e gastos.

O principio de anualidade, pois o orzamento se refire ao ano natural.

O principio de equilibrio orzamentario, pois os gastos orzamentarios financian aos ingresos públicos, sen existir déficit inicial.

O principio de Desafectación, pois os ingresos se destinan a financiar a totalidade dos gastos, sen que, en xeral, vincúlense determinados gastos a determinados ingresos, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

Resulta necesario sinalar que, á vista da sesión plenaria núm. 51 celebrada o martes 20 de outubro de 2020 na Cámara baixa das Cortes Xerais, se invoca a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e en coherencia con dito mandato o artigo 11.3. da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxetivos de estabilidade e debeda pública, así como a aplicación da regra de gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

CONSIDERACIÓNS SUSTANTIVAS E LEGAIS

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a
- Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (suspendido o artigo 11.3 para os exercicios 2020-2021)
- artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da
- Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).





- As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto-Lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social.
- Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Real Decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.
- A Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021

SEGUNDO. O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2021 formado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

TERCEIRO. Ascende o Orzamento do exercicio 2021 á cantidade de **6.288.484,42 €.** no Estado de Gastos e de **6.288.484,42 €.** no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial

CUARTO. De conformidade co disposto no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, o Orzamento Xeral da Entidade Local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local correspondente.

Engade o artigo 163 que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

QUINTO.- O Orzamento Xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se ben na sesión plenaria núm. 51 celebrada o martes 20 de outubro de 2020 na Cámara baixa das Cortes Xerais, se invoca a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e en coherencia con dito mandato o artigo 11.3. da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira,





con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxetivos de estabilidade e debeda pública, así como a aplicación da **regla de gasto durante os exercicios 2020 e 2021**.

SEXTO.- O artigo 164 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, determina que o Orzamento Xeral está integrado polo Orzamento da propia Entidade, os dos seus Organismos Autónomos e os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local. De conformidade co previsto no artigo 166 ao Orzamento Xeral uniranse como anexos:

- Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular os municipios e demais entidades locais de ámbito supramunicipal.
- Os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou participe maioritario a Entidade Local.
- estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade co de todos os Orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.
- estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercizo.
- plan de investimentos que deberá coordinarse, no seu caso, co programa de actuación e plans de etapas de plan urbanístico, completarse co programa financeiro, que conterá:
 - investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
 - Os ingresos por subvencións, contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais e outros ingresos de capital que seprovexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
 - As operacións de crédito que resulten necesarias para completar o financiamento, con indicación dos custos que vaian xerar.
 - Dos plans e programas de investimento e financiamento darase conta, no seu caso, ao Pleno da Corporación coincidindo coa aprobación do orzamento, debendo ser obxecto de revisión anual, engadindo un novo exercicio ás súas previsións.

SÉTIMO.- O artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais prevé que cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral conterá:

Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.





Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

As Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o Orzamento.

OITAVO.- O contido das Bases de Execución do Orzamento regúlase no artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, establecendo que estas poderán remitirse aos Regulamentos ou normas de carácter xeral ditadas polo Pleno, e que conterán, entre outras materias:

- Os niveis de vinculación xurídica dos créditos.
- A relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliáveis, con detalle dos recursos afectados.
- A regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.
- A tramitación dos expedientes de ampliación e xeración de créditos, así como de incorporación de remanentes de créditos.
- As normas que regulen o procedemento de execución do Orzamento.
- As desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas.
- Os documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga.
- A forma en que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais coa Entidade Local e xustificar a aplicación de fondos recibidos.
- Os supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo.
- As normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de Caixa fixa.
- A regulación dos compromisos de gastos plurianuais.

NOVENO.- Os estados de ingresos dos Orzamentos confeccionaranse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo

167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo ue modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.





DÉCIMO.- Do mesmo xeito, os estados de gastos ateranse ao disposto no citado artigo 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

UNDÉCIMO.- Os artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regulan o procedemento de aprobación dos Orzamentos, establecendo que:

1º.- O Orzamento da Entidade Local será formado pola Alcaldía e a el haberá de unirse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- Liquidación do Orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, ao seis primeiros meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio. De conformidade co previsto no artigo 19 do Real Decreto 500/1990 recollerá a totalidade dos proxectos de investimento que se prevexan realizar no exercicio e deberá especificar para cada un dos proxectos: código de identificación, denominación de proxecto, ano de inicio e ano de finalización previstos, importe da anualidade, tipo de financiamento determinando se se financia con recursos xerais ou con ingresos afectados, vinculación dos créditos asignados, e órgano encargado da súa xestión.
- Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

2º.- Sobre a base dos Orzamentos do Concello e dos Organismos Autónomos e dos estados de previsión das Sociedades Mercantís, a Alcaldía formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados nos artigos 166.1 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao Pleno antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

A competencia plenaria para a aprobación do Orzamento fundaméntase ademais no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con concordancia co artigo 64.2.F) da Lei 5/1997, do 22 de xullo. de Administración Local de Galicia, e o artigo 2.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.





3º.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A estes efectos teñen a condición de interesados os habitantes do termo municipal, e quen resulten directamente afectados, aínda que non habiten nese territorio; ademais os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Poderán presentar reclamacións contra o Orzamento, unicamente: por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no RDL 2/2004, de 5 de marzo, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

4º.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral haberá de realizarse, polo Pleno antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

5º.- O resumo por capítulos do Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será publicado no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se inserirá o Orzamento no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese.

6º.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

7º.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado 5º anterior.

8º.- Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, e 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e até a entrada en vigor do novo Orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

DUODÉCIMO.- Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio (art. 169.7 TRLRFL).





DECIMO TERCEIRO.- Con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa de Facenda, por así esixilo, entre outros, os arts. 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82, entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DÉCIMO CUARTO.- Contra a aprobación definitiva do Orzamento só poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 30 e 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno (art. 171.1 Real Decreto Lexislatico 2/2004, de 5 de marzo).

A interposición do recurso non suspenderá, por si soa, a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado (art. 171.3 RDL 2/2004, de 5 de marzo).

A aprobación definitiva debería haberse efectuado antes do 31 de decembro de 2020 tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril

DÉCIMO QUINTO. De acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Si la Ley de Presupuestos no se aprobase antes del primero día del ejercicio económico correspondiente, se consideraran automáticamente prorrogados los Presupuestos del ejercicio anterior hasta la aprobación de los nuevos”.

Pola súa banda, o artigo 38 da 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria establece nos seus apartados 2 e 3 que “2. La prórroga no afectará a los créditos para gastos correspondientes a programas o actuaciones que terminen en el ejercicio cuyos presupuestos se prorrogan o para obligaciones que se extingan en el mismo. 3. La estructura orgánica del presupuesto prorrogado se adaptará, sin alteración de la cuantía total, a la organización administrativa en vigor en el ejercicio en que el presupuesto deba ejecutarse.”

En consecuencia, e ao haberse producido as circunstancias previstas na Constitución Española, os Orzamentos Xerais do Estado de 2018 aprobados pola Lei 6/2018 de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 considéranse novamente prorrogados unha vez realizadas as actuacións previstas no artigo 38 da Lei Xeral orzamentaria anteriormente citado ata a aprobación dos novos orzamentos.

Tal e como marca o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a aprobación definitiva por parte do Pleno dos Orzamentos Municipais debe realizarse antes do 31 de decembro do ano





anterior ao exercicio en que deba aplicarse. É por iso, que á vista do calendario orzamentario que marca a Lei, os Concellos deben proceder a aprobar os seus orzamentos nestes días, para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO SEXTO.-**Avaliación dos Ingresos.**

Os ingresos deste Concello calculáronse tendo como base a Liquidación do Orzamento de 2019 e o avance de liquidación do seis primeiros meses do exercicio 2020 deducidos do estado de tramitación de ingresos segundo móstranos a contabilidade.

Tras estas consideracións iniciais analízase a estrutura económica dos ingresos do Orzamento deste Concello para este exercicio.

CADRO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	2.139.500,00
2	Impostos Indirectos	100.000,00
3	Taxas e Outros Ingresos	1.625.670,00
4	Transferencias Correntes	2.154.479,89
5	Ingresos Patrimoniais	300,00
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00
7	Transferencias de Capital	268.534,53 €
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		6.288.484,42 €

Avaliación de Gastos

Os gastos deste Concello calculáronse tendo como base a Liquidación do Orzamento de 2019 e o avance de liquidación do seis primeiros meses do exercicio 2020 deducidos do estado de tramitación de gastos segundo móstranos a contabilidade.

Tras estas consideracións iniciais analízase a estrutura económica dos gastos do Orzamento deste Concello para este exercicio:

CADRO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN
1	Gastos de persoal	2.018.680,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.153.000,00
3	Gastos financeiros	33.000,00 €
4	Transferencias correntes	264.838,00 €





5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
6	Investimentos reais	418.966,42 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos Financeiros	0,00 €
9	Pasivos Financeiros	400.000,00 €
TOTAL GASTOS		6.288.484,42 €

DÉCIMO SETIMO. Débeda viva

O Capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2020, polos préstamos concertados e vixentes, segundo despréndese dos Estados financeiros ascende a **1.392.566,20 €.**, o que supón un **21,66**

% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2019, non superando o límite do 110% establecido na Disposición Adicional 14ª do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

A Disposición Adicional 14ª do Real Decreto 20/2011, con vixencia indefinida, modificada pola Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, establece:

1.- As Entidades Locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao **110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.**

2.- As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o **75% e o 110%** dos ingresos correntes liquidados consolidados, **poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.**

3.- As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva **inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.**

4.- Recollese a previsión dunha operación de préstamo por importe de **2.000.000,00 euros** para básicamente entre outras actuacións de carácter básico facer fronte a unha actuación integral e secular problema do abastecemento de auga potable ó Concello de Ares, do que son reflexo as memorias redactadas por Proyfe para Augas de Galicia-Xunta de Galicia-Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,

Con dita operación de préstamo á vista da última liquidación practicada do orzamento (correspondente ao exercizo 2019), pasariase a unha **carga financeira estimada do 52,77 %.**





DÉCIMO OITAVO. Nivelación Orzamentaria.

Tendo en conta do exposto e, una vez expostas as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación previstas e os gastos de funcionamento deste Concello, así como, as operacións de crédito previstas, dedúcese a efectiva nivelación do orzamento conforme ao establecido no parágrafo último do apartado 4 do artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e preséntase o Orzamento sen déficit inicial.

DÉCIMO NOVENO. Proxecto de orzamento do Estado 2021.

O Consello de Ministros, a través da súa [páxina web](#), fixo pública a aprobación, previo informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de o Plan Anual Normativo da Administración Xeral do Estado para o ano 2020.

O Plan inclúe un total de 171 propostas: un proxecto de reforma constitucional, 3 leis orgánicas, 58 leis ordinarias e 119 reais decretos. Un total de 50 incorporan ao noso ordenamento directivas ou outras disposicións europeas.

Entre as propostas, inclúíase o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado (PXE) de 2021 que finalmente foi aprobado coa Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

Respecto dos orzamentos:

Coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2021 materializaranse uns Orzamentos para a Reconstrución. Complementábase con iniciativas como una Lei de fomento do ecosistema de empresas emerxentes e a Lei pola que se establecen obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro durante o ciclo de vida dos combustibles e a enerxía fornecidos no transporte ou a Lei de Residuos e Solos Contaminados.

Neste sentido, por parte do Goberno, explicouse que o plan se configura tendo como base a transición dixital e a transición xusta en relación ao cambio climático e as políticas verdes e os tres eixos vertebradores son a cohesión social, a igualdade de homes e mulleres e a cohesión territorial.

Do mesmo xeito que ocorreu o ano pasado, as circunstancias políticas vividas este ano, impediron ao Goberno que se tramitarán a tempo os orzamentos xerais do estado para 2021.

Aínda que, o atraso da aprobación dos orzamentos xerais do Estado de 2021, non debe afectar á tramitación que debe levar a cabo por parte dos Concellos no que se corresponde coas súas contas locais, xa que por imperativo legal obrígase a que os mesmos procedan á súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro, artigo 169.2 do TRLRHL para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2021.

VIXESIMO. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E A REGRA DE GASTO





Recordar novamente como se sinalou ao principio que na sesión plenaria núm. 51 celebrada o martes 20 de outubro de 2020 na Cámara baixa das Cortes Xerais, se invoca a previsión contemplada no artigo

da Constitución Española e en coherencia con dito mandato o artigo 11.3. da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, **con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxetivos de estabilidade e debida pública, así como a aplicación da regra de gasto durante os exercicios 2020 e 2021.**

VIXESIMO PRIMEIRO.

GASTOS DE PERSOAL: Para a elaboración do orzamento de 2021, e dado que a data de hoxe non están aprobados os orzamentos xerais do Estado, prevéndose un incremento retributivo do 0,9%, **deberá orzarse a contía correspondente ao exercicio 2020, máis os trienios que puidesen cumprirse ao longo do exercicio incrementados no 0,9 %** como medida dado que nada impide que o Concello en base ao principio de prudencia poida consignar una cantidade para un hipotético incremento das retribucións de persoal. Para iso pode facer uso do **Fondo de Continxencia de execución orzamentaria**, previsto na Orde EHA/3565/2008, para realizar a modificación de devanditas aplicacións no momento en que sexa aprobada a LPGE de 2021 e preveña no seu caso dita subida. Nembargantes vai orzado o incremento sinalado do 0,9 %.

Tamén é de resaltar que a Disposición adicional centésima quincuaxésima novena “**Tasa adicional de reposición de la policía local**” adicionalmente ó previsto no artigo 19 da Lei 11/2020, e co fin de garantir o exercizo das funcións das Administracións Públicas en materia de seguridade e orde público, no suposto de que en aplicación do establecido no artigo 206.1 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social se produza o anticipo de idade de xubilación dos policías locais, as Entidades Locales poderán dispoñer durante 2020, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevean neste exercizo en no exercizo 2021 como consecuencia de dito adelanto da idade de xubilación. Esta taxa adicional descontarásese da que poidera corresponder nos exercizos 2021 y 2022.

No orzamento creáanse dúas prazas de policía local que compensanse con as catro prazas de auxiliares de Policía Local que se viñan prevendo anualmente polo prazo de seis meses.

Tamén dotáse una praza de auxiliar administrativo, así como faise unha corrección da clasificación do axente telecentro recollido erróneamente na RPT como grupo C-2, cando lle corresponde un C-1

A Administración segundo o artigo 109 da Lei 39/2015, pode de oficio ou a instancia dos interesados, rectificar os erros de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, ou sexa por ela mesma na resolución dos seus procedementos, é dicir, os meros erros materiais que se deslicen na redacción dunha decisión, pero non os erros sobre o fondo da cuestión que conduzan á toma dunha decisión inadecuada.





A Xurisprudencia interpretou a figura da rectificación de erros con carácter restritivo, indicando que o erro ha de ser evidente e que se debe poder apreciar directamente no Texto da decisión. A rectificación de erros pode practicarse sen límite temporal algún, salvo que polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercizo resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás Leis. No ámbito tributario, o límite para operar a rectificación é de catro anos desde que se ditou o acto obxecto de rectificación (artigos 66 e 220 da LXT).

Un exemplo Xurisprudencial bastante relevante e que sintetiza perfectamente o que se considera «ERROS», é a **Sentenza do Tribunal Supremo de 6 de outubro de 1994**, que indica nun dos seus parágrafos o seguinte:

«O artigo 37.2 da Lei de Réxime Xurídico da Administración do Estado e o artigo 111 da LPA, viñeron configurar unha reiterada doutrina Xurisprudencial que proclamara que a Administración puidese rectificar erros materiais de feito, sen que constituísen un obstáculo a esta rectificación os posibles dereitos subxectivos que derivasen do acto administrativo, pero a posibilidade de facer uso deste procedemento rectificador está condicionada, segundo unha xa consolidada doutrina Xurisprudencial e científica, ao cumprimento de determinados requisitos que poden resumirse nos seguintes:

Posuír o erro que se trate realidade independente dos criterios interpretativos das normas Xurídicas aplicables, polo que non procede utilizar este procedemento cando haxan de realizarse apreciacións de concepto que impliquen un xuízo valorativo.

Trátase pois de erros numéricos, accidentais ou de expresión deducibles ou constatables pola simple evidencia sen necesidade de disquisición Xurídica ou de normativa algunha.

Pode observarse o erro da simple lectura do expediente.

Poder rectificarse sen que padeza a subsistencia Xurídica do acto, sen alteración fundamental do seu contido. Revisión e rectificación son termos que se exclúen mutuamente, pois condición necesaria para a rectificación é que o acto permaneza. A facultade de corrección de erros non constitúe pois un procedemento revisor, por canto o seu obxectivo non é anular nin substituír o acto que padece o erro senón máis ben ao contrario mantelo emendando o defecto. Por iso non pode utilizarse esta vía cando o que se pretende é a revogación do acto ou a alteración do seu contido esencial ou dalgúns extremos ou elementos esenciais.»

Polo tanto, ao contrario que nos supostos de declaración de lesividade ou de revisión de oficio, non se trata dunha simple anulación dun acto administrativo por motivos de Legalidade, senón que pode basearse en cambios nos criterios de aplicación da Normativa ou na mera conveniencia da propia Administración. O que caracteriza a esta potestade é o feito de que se esixe que coa mesma non se vulneren dereitos de particulares, á parte de que se motive a resolución que a conteña, e sobre todo, caracterízase polos principios de liberdade de tempo e forma.

ENTREGAS A CONTA NA PTE





No que se refire a as entregas a conta, consideraranse os mesmos créditos que se recollen no estado de gastos dos Orzamentos Xerais do Estado en 2019 e os importes que se satisfixeron con cargo ao estado de ingresos dos Orzamentos Xerais do Estado de 2018 pola cesión de impostos estatais. Neste caso, unha vez aprobada a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, regularizaranse as contías percibidas polas entidades locais.

Polo que sobre a previsión da participación en tributos do Estado do ano 2021 (entregas a conta na PTE e liquidación definitiva do PIE de 2018) sen a LPXE de 2021, resulta imposible, achegar información sobre a evolución prevista para 2019 na Participación en Tributos do Estado, resultando o máis prudente prever os mesmos importes que en 2020 para 2021 cunha pequena actualización, sobre todo ao influir o incremento poboacional.

COEFICIENTES DE ACTUALIZACIÓN DE VALORES

CATASTRAIS do artigo 32.2 do TRLCI

Tal e como establece o artigo 32.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (TRLCI), e co fin de poder axustar a realidade catastral á actual situación do mercado inmobiliario, son as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, as que anualmente fixan os Coeficientes de actualización de valores catastrais.

Por todo elo, os concellos ao longo do exercicio 2021 deberán proceder a introducir ao igual que no exercicio 2020 as medidas que na Lei de PXE de 2021 lles afecten a través da modificación orzamentaria que corresponda.

LÍMITE DE ENDEBEDAMENTO

A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o LÍMITE AO ENDEBEDAMENTO local, debuxando tres posibles escenarios:

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

No articulado da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 prórrogado para 2019 e inicialmente para 2020 NON se establece ningún cambio en relación





cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013

Respecto do **INTERESE LEGAL DO DIÑEIRO**

Como vén sendo habitual, a Lei 11/2020, de 30 de decembro de PXE 2021 a través da Disposición adicional cuadragesima novena dispón o tipo de interese legal do diñeiro, quedaba establecido no 3,00 % ata o 31 de decembro do ano 2021.

Igualmente e para o mesmo período o interese de demora será do 3,75 %.

E o interese de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, será o 3,75 %.

No articulado da Lei 6/2018, de 3 de xullo de PXE 2018 prórrogados para 2019 e 2020 NON se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013.

A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o límite ad endebedamento local, debuxando tres posibles escenarios:

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

MEDIDAS ESTRUCTURAIS URGENTES E DE CARÁCTER ORDINARIO.

É necesario sobre as medidas estruturais urxentes e de carácter extraordinario que aprobaronse no Plan de Axuste o cal remata o vindeiro ano 2022, á vista da nova operación de préstamo acompañalas dunha forte disciplina fiscal, incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha





moderación ou redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil.

Aprobada a RPT do Concello de Ares, procede provistar regulamentariamente a praza de Intervención do Concello de Ares, dando por reproducidas as motivacións efectuadas nos orzamentos de anos pasados de forma reiterada (excesiva carga de traballo- imposibilidade material de adicar o tempo necesario, xestión e fiscalización económica-financeira máis fluída) a obrigatoriedade por imperativo legal de dispoñer de dito posto -DECRETO 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal- sendo de destacar que Concellos con menos orzamento e poboación dispoñen de dito posto : Mugardos-Neda etc...

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, a reservas do exposto anteriormente, que logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento.

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

FAVORABLE.

En Ares, a 25 de xaneiro de 2021

Dáse conta do informe de Secretaría-Intervención informe aforro neto e débeda viva, data 26 xaneiro do 2021, que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: CÁLCULO AFORRO NETO E DÉBEDA VIVA COA LIQUIDACIÓN

ORZAMENTO 2019 (último liquidado) e previsión coa operación préstamo prevista do exercizo 2021:

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el cual se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Artículo 53 Operaciones de crédito a largo plazo: régimen de autorización

No se podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo, incluyendo las operaciones que modifiquen las condiciones contractuales o añadan garantías adicionales con o sin intermediación de terceros, ni conceder avales, ni sustituir operaciones de crédito concertadas con anterioridad por parte de las entidades locales, sus organismos autónomos y los entes y sociedades mercantiles dependientes, que presten servicios o produzcan bienes que no se financien mayoritariamente con ingresos de mercado sin previa autorización de los órganos competentes del Ministerio de Hacienda o, en el caso de operaciones denominadas en euros que se realicen dentro del espacio territorial de los países pertenecientes a la Unión Europea y con entidades financieras residentes en alguno de dichos países, de la comunidad autónoma a que la entidad local pertenezca que tenga atribuida en su Estatuto competencia en





la materia, cuando de los estados financieros que reflejen la liquidación de los presupuestos, los resultados corrientes y los resultados de la actividad ordinaria del último ejercicio, se deduzca un ahorro neto negativo.

A estos efectos se entenderá por ahorro neto de las entidades locales y sus organismos autónomos de carácter administrativo la diferencia entre los derechos liquidados por los capítulos uno a cinco, ambos inclusive, del estado de ingresos, y de las obligaciones reconocidas por los capítulos uno, dos y cuatro del estado de gastos, minorada en el importe de una anualidad teórica de amortización de la operación proyectada y de cada uno de los préstamos y empréstitos propios y avalados a terceros pendientes de reembolso.

El importe de la anualidad teórica de amortización, de cada uno de los préstamos a largo plazo concertados y de los avalados por la corporación pendientes de reembolso, así como la de la operación proyectada, se determinará en todo caso, en términos constantes, incluyendo los intereses y la cuota anual de amortización, cualquiera que sea la modalidad y condiciones de cada operación.

Se considera ahorro neto en los organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financiero o análogo los resultados corrientes del ejercicio y, en las sociedades mercantiles locales, los resultados de la actividad ordinaria, excluidos los intereses de préstamos o empréstitos, en ambos casos, y minorados en una anualidad teórica de amortización, tal y como se define en el párrafo anterior, igualmente en ambos casos.

En el ahorro neto no se incluirán las obligaciones reconocidas, derivadas de modificaciones de crédito que hayan sido financiadas con remanente líquido de tesorería.

No se incluirán en el cálculo de las anualidades teóricas, las operaciones de crédito garantizadas con hipotecas sobre bienes inmuebles, en proporción a la parte del préstamo afectado por dicha garantía.

Si el objeto de la actividad del organismo autónomo o sociedad mercantil local, es la construcción de viviendas, el cálculo del ahorro neto se obtendrá tomando la media de los dos últimos ejercicios.

Cuando el ahorro neto sea de signo negativo, el Pleno de la respectiva corporación deberá aprobar un plan de saneamiento financiero a realizar en un plazo no superior a tres años, en el que se adopten medidas de gestión, tributarias, financieras y presupuestarias que permitan como mínimo ajustar a cero el ahorro neto negativo de la entidad, organismo autónomo o sociedad mercantil. Dicho plan deberá ser presentado conjuntamente con la solicitud de la autorización correspondiente.

Precisarán de autorización de los órganos citados en el apartado 1 anterior, las operaciones de crédito a largo plazo de cualquier naturaleza, incluido el riesgo deducido de los avales, cuando el volumen total del capital vivo de las operaciones de crédito vigentes a corto y largo plazo, incluyendo el importe de la operación proyectada, exceda del 110 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados en el ejercicio inmediatamente anterior o, en su defecto,





en el precedente a este último cuando el cómputo haya de realizarse en el primer semestre del año y no se haya liquidado el presupuesto correspondiente a aquél, según las cifras deducidas de los estados contables consolidados de las entidades citadas en el apartado 1 de este artículo.

El cálculo del porcentaje regulado en el párrafo anterior se realizará considerando las operaciones de crédito vigentes, tanto a corto como a largo plazo, valoradas con los mismos criterios utilizados para su inclusión en el balance. El riesgo derivado de los avales se computará aplicando el mismo criterio anterior a la operación avalada.

No será precisa la presentación del plan de saneamiento financiero a que se refiere el apartado 1 anterior en el caso de autorización de operaciones de crédito que tengan por finalidad la sustitución de operaciones de crédito a largo plazo concertadas con anterioridad, en la forma prevista por la ley, con el fin de disminuir la carga financiera o el riesgo de dichas operaciones, respecto a las obligaciones derivadas de aquéllas pendientes de vencimiento.

No obstante lo previsto en los apartados 1 y 2 anteriores, las entidades locales de más de 200.000 habitantes podrán optar por sustituir las autorizaciones en ellos preceptuadas por la presentación de un escenario de consolidación presupuestaria, para su aprobación por el órgano competente.

El escenario de consolidación presupuestaria contendrá el compromiso por parte de la entidad local, aprobado por su Pleno, del límite máximo del déficit no financiero, e importe máximo del endeudamiento para cada uno de los tres ejercicios siguientes.

El órgano competente para aprobar el escenario de consolidación presupuestaria, será aquél a quien corresponde la autorización de las operaciones de endeudamiento, previo informe del Ministerio de Hacienda en el caso de que la competencia sea de la comunidad autónoma. En el caso de que el escenario de consolidación presupuestaria contenga alguna operación de las enumeradas en el apartado 5 de este artículo, la autorización corresponderá al Ministerio de Hacienda, previo informe, en su caso, de la comunidad autónoma con competencia en la materia.

En todo caso precisarán de la autorización del Ministerio de Hacienda las operaciones de crédito a corto y largo plazo, la concesión de avales, y las demás operaciones que modifiquen las condiciones contractuales o añadan garantías adicionales, con o sin intermediación de terceros, en los siguientes casos:

- a) Las que se formalicen en el exterior o con entidades financieras no residentes en España, cualquiera que sea la divisa que sirva de determinación del capital de la operación proyectada, incluidas las cesiones a entidades financieras no residentes de las participaciones, que ostenten entidades residentes, en créditos otorgados a las entidades locales, sus organismos autónomos y los entes y sociedades mercantiles dependientes, que presten servicios o produzcan bienes que no se financien mayoritariamente con ingresos de mercado.





b) Las que se instrumenten mediante emisiones de deuda o cualquier otra forma de apelación al crédito público, sin perjuicio de lo previsto en la [Ley 24/1988, de 28 de julio, del Mercado de Valores](#).

En relación con lo que se prevé en el párrafo a) anterior, no se considerarán financiación exterior las operaciones denominadas en euros que se realicen dentro del espacio territorial de los países pertenecientes a la Unión Europea y con entidades financieras residentes en alguno de dichos países. Estas operaciones habrán de ser, en todo caso, comunicadas previamente al Ministerio de Hacienda.

En los casos en que, de acuerdo con las reglas establecidas en este artículo, se precise autorización para concertar la operación de endeudamiento, no podrán adquirir firmeza los compromisos de gasto vinculados a tal operación, hasta tanto no se disponga de la correspondiente autorización.

Para el otorgamiento de la autorización de las operaciones a que se refieren los apartados anteriores el órgano autorizante tendrá en cuenta, con carácter preferente, el cumplimiento del principio de estabilidad presupuestaria establecido en la Ley General de Estabilidad Presupuestaria.

Asimismo, se atenderá a la situación económica de la entidad, organismo autónomo o sociedad mercantil local peticionarios, deducida al menos de los análisis y de la información contable a la que se hace referencia en el apartado 1 de este artículo, incluido el cálculo del remanente de tesorería, del estado de previsión de movimientos y situación de la deuda y, además, el plazo de amortización de la operación, a la futura rentabilidad económica de la inversión a realizar y a las demás condiciones de todo tipo que conlleve el crédito a concertar o a modificar.

Los órganos competentes del Ministerio de Hacienda habrán de tener conocimiento de las operaciones de crédito autorizadas por las comunidades autónomas, así como de las que no requieran autorización, en la forma en que reglamentariamente se establezca.

Las Leyes de Presupuestos Generales del Estado podrán, anualmente, fijar límites de acceso al crédito de las entidades locales cuando se den circunstancias que coyunturalmente puedan aconsejar tal medida por razones de política económica general.

En el articulado de la Ley 6/2018, de 3 de julio de Presupuestos Generales del Estado para 2018 NO se establece ningún cambio en relación con los límites al endeudamiento de las entidades locales, por tanto, habida cuenta la vigencia indefinida de la DF 31ª de la Ley 36/2014 de 26 de diciembre de PGE 2013, se prorrogan los límites incluidos en la Ley de Presupuestos de 2013.

La Disposición Final 31ª de la Ley 17/2012, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2013 (PGE 2013), reguló los límites para la formalización de nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, es decir, el LÍMITE AL ENDEUDAMIENTO local, dibujando tres posibles escenarios





la) Las Entidades locales con ahorro neto positivo en la liquidación del ejercicio anterior y deuda viva inferior al 75% de los ingresos corrientes liquidados consolidados, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones.

Las Entidades locales con ahorro neto positivo en la liquidación del ejercicio anterior y deuda viva entre lo 75% y el 110% de los ingresos corrientes liquidados consolidados, podrán formalizar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las Entidades locales.

Las Entidades locales que presenten ahorro neto negativo en la liquidación del ejercicio anterior o deuda viva superior al 110% de los ingresos corrientes liquidados consolidados, NO podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.

Liquidación orzamento 2019:

INGRESOS

I	1.946.615,6
II	102.951,91
III	1.639.489,0
IV	2.738.487,0
V	248,04
	6.427.791,6

GASTOS

I	2.356.213,7
II	3.108.018,9
	1

IV	263.001,43
----	------------

5.727.234,1

GASTOS

IX	521.373,28
III	38.075,02

AFORRO NETO 141.109,18

Ingresos corrientes (Cap I – V)	6.427.791,6 0
---------------------------------	------------------





Gastos correntes (Cap I, II y IV)	5.727.234,1 2
Anualidade teórica débeda (Cap IX + III)	559.448,30
AFORRO NETO	141.109,18

Situación de Entidade Local en términos de débeda viva coa liquidación 2019 (31-12-

19) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	1.392.566,20 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2018]	6.427.791,60 €
=	% DEBEDA VIVA	21,66 %

Previsión carga financeira coa última liquidación practicada 2019 + operación prevista préstamo 2.000.000,00 €. :

	DEBEDA VIVA TOTAL prevista	3.392.566,20 €.
	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2019]	6.427.791,60 €
	% DEBEDA VIVA	52,77 %

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que no seu momento xa foron explicados os aspectos do orzamento e as obras significativas que comprenden, o máis importante que ao suspenderse a regra de gasto e os obxectivos de estabilidade e regra pública podemos ir a unha operación de crédito cun período de quince anos e dous anos de carencia que nos permitiría pagar o actual, poñer a débeda a cero e con esa carencia empezar a pagar de novo, e en consecuencia evitar a acumulación, nestes termos o traemos hoxe aquí ao pleno.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e sinalando que no orzamento deste ano ven sendo na súa base continuista salvo a salvedade desa previsión de préstamo que logo





citaremos, citase moito na memoria explicativa como non podía ser doutra maneira a realidade na que estamos a vivir, a situación do COVID 19. Esta circunstancia debería vir aparelado un cambio radical na filosofía do orzamento a hora de elaboralo porque o orzamento é sobre todo unha estimación de gasto e polo tanto é a intención da xestión que vai máis ala da economía, en base a isto non vemos cambios reais por máis que se anuncie a intencionalidade ao respecto das obras do ciclo da auga, non hai ningún compromiso das institucións para facer a debida obra e sen ese compromiso sería inviable facelo. Aínda así, repítese a política en materia de persoal cun gran problema que ten que afrontar este ano ou o próximo o Concello de Ares, que ten que ver co incumprimento de todas as administracións públicas da directiva europea ao respecto dos traballadores, tamén o concello igual que a totalidade de concellos, deputacións, as comunidades autónomas e mesmos o estado español van ter que tomar cartas no asunto deste problema cando a unión europea encadra de maneira clara e rotunda cando un emprego ten que ser fixo ou cando ten que ser provisional, nese sentido tamén o concello de Ares ten esas eivas que ten que solucionar e xa veremos como.

Non vemos xustificada a creación da praza de auxiliar administrativo para a policía local polo tanto, non é a petición da policía local o posto administrativo si que era a de efectivos, ou sexa, a de oficiais, consideramos que unha reformulación dos postos da RPT este traballo administrativo sería perfectamente abarcable. A praza que si sería necesaria é a de intervención o BNG leva pedindo esta praza dende hai moitísimo anos ao igual que o Secretario-Interventor no seu informe, esa praza que é básica para facer un seguimento económico como ben o describe o secretario ao respecto do traballo que ten que realizar non é posible facer un servizo de fiscalización efectivo.

Recoñese na memoria explicativa do proxecto, que pese a aprobación do PXOM non se espera unha reactivación en obra nova aínda que si a nivel de rehabilitación, neste sentido tamén hai que ter en conta os datos da liquidación do ano 2019 e do primeiro semestre do ano 2020 ao respecto da declaración por IBI, máis de 350000€ de defecto entre a previsión orzamentaria e o que finalmente foi recadado, non se corrixe novamente esta situación sabemos que é por cuestións de encadre de números.

Si estamos de acordo por outra parte, en que a plantilla da policía local, os axentes teñen que aumentar pero tampouco temos claro que finalmente vaia a ser así porque xa se nos advertiu de que o feito de que vaian incluídas nos orzamentos non quere dicir que finalmente saian, que todo vai a depender de cómo vaia a economía como nos trasladaron na comisión.

Xa nas bases da execución do préstamo do orzamento inclúese na base nº20 as indemnizacións por asistencias, dicir neste sentido que o BNG a pesar de solicitar reiteradamente unha modificación neste tema a día de hoxe e debido a situación excepcional que estamos a vivir o BNG considera que non é momento de abordar este tema e que estamos de acordo en que ten que ser ademais por consenso pero cando a situación o permita, fago este apunte porque este punto foi reiterado en todas as nosas exposicións ao respecto dos orzamentos, desta volta non toca polo tanto ningunha modificación a alza neste capítulo.





Volvemos a incidir nas subvencións nominativas totalmente en contra cando non leva aparelado un convenio entre a entidade e o concello onde diga que o que acorda cada unha das partes cuns compromisos e que sexa efectible neste sentido animamos ao goberno a que siga o exemplo posto en marcha polo goberno do PSdeG-PSOE e polo BNG na Deputación onde tiraron por baixo unha cantidade importante de subvencións nominativas deixando só aquelas que pola súa circunstancia teñen que ir nese aspecto e favorecendo por outro lado que se deixase ese reparto amiguista das subvencións e que haxa un sistema moito máis xusto e equitativo.

En canto aos dereitos pendentes de cobro volve a vir a cantidades sen modificar ao respecto de esa cantidade que xa se sabe que non se vai a poder recadar, polo tanto non se corrixiu ese capitulo a pesar de que reiteradamente o pedimos e que practicamente o Alcalde deu orden a secretaría-intervención de que por favor se solventase ese tema.

No expediente plenario, falta a acta de reunión da xunta de persoal como goberno, ben e certo que se nos dixo na comisión que era obrigado convocala pero non era obrigado metela no expediente, nós entendemos que como parte importante dos acordos entre a xunta de persoal e o goberno municipal é moi importante que esa acta forme parte do expediente máis que nada para saber tamén cal é a valoración do persoal.

Para a segunda intervención deixaremos algunha cuestión si e que se me queda algunha.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que xa anunciamos a boa intencionalidade por parte do goberno a hora de redactar o orzamento, debateuse bastante e se nos deu a oportunidade de intervir e de facer emendas e polo tanto nós imos a ser cautos e non imos a falar máis do tema porque xa foi bastante debatido. Nós con respecto as inversións do orzamento estamos de acordo ao cen por cen, pero hai algúns temas que quedaron pendentes e que non vemos ben como pode ser a praza de auxiliar administrativo, o céntimo do IBI que xa o Alcalde nos dou unha explicación e aí non imos a entrar, pero si entramos no expediente e na memoria explicativa con respecto a un tema importante que é o crédito que se vai a pedir de dous millóns de euros para financiar varias obras pero que a memoria explicativa non recolle, non sei de quen será o erro non sei si é por parte de secretaria, tesourería ou do Alcalde pero eu creo que eses dous millóns que é unha inversión bastante importante e con obras que van a supoñer melloras importantes como pode ser o tema da tubaría que pode durar no tempo uns cincuenta ou sesenta anos, creo que esas obras deberían de estar recollidas na memoria explicativa, facer constar que obras vansen a destinar coa petición do crédito de eses dous millóns de euros, creo que isto ten que vir recollido aínda que non sexa ao cen por cen pero polo menos mencionar as obras como pode ser o cambio de tubaría, o club de remo, compra de terreos, as obras que se van a facer con estes dous millóns de euros, insisto en que debe recollese.

En canto a praza de auxiliar administrativo o estivemos estudando e temos as nosas razóns de porque ten que ser un auxiliar da policía local, e a maiores no informe da xefatura da policía





local di “para a atención ao cidadán necesitamos a ampliación do cadro de persoal da policía local para poder vir todos os días da sema e facer quendas de mañá e tarde para dar unha maior resposta, por todos é sabido que dende xullo ata setembro a poboación de Ares triplícase e é indispensable dispoñer de efectivos policía sen ter que recorrer a contratación de auxiliares de policía que xa nos deu problemas o ano pasado polo seu carácter eventual. A creación de prazas de policía supón un cambio radical de servizo e axudaría a planificar con antelación os servizos”

Nós estamos totalmente de acordo co informe do xefe da policía local, creemos que coas prazas que vansen a cubrir que son cinco para este ano son suficientes para cubrir os servizos que o concello demanda e como ben dixemos na xunta de voceiros, este ano coa pandemia sabemos que hai moitas máis actuacións pero coa anulación da semana santa, corpus e festas creemos que para este ano son suficientes.

Por outro lado, en canto as subvencións directas votamos de menos a hostalería e comercio que neste momento necesitan axuda, falamos que este ano viría reflectido un 1% e non é así e polo tanto solicitamos que isto se faga constar para poder paliar a crise, nós debemos poñer o noso grao de area para axudar a este sector e que a xente saiba que imos a destinar no orzamento 2021 uns 60000€, creemos que isto tamén ten que estar reflectido na memoria. Si estas tres propostas son recollidas no orzamento nós imos a votar a favor e si non é así ímonos a abster.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non se pode variar absolutamente nada do documento, dimos explicacións nas diferentes comisións dende a realidade das cousas porque isto é unha habilitación de gasto, a vontade de lévalo a cabo si efectivamente isto pode ser ou non. Eu cando vou a xunta ou a outra administracións e dinme que si, non lles podo dicir que o fagan por escrito porque non me fío, Manuel que foi Alcalde sabe que é así, vas a unha administración plantexas o tema e non lle dis o quero por escrito. Eu fun a Augas de Galicia e dixeron que a obra ten un custe de tres millóns catrocentos mil euros e que eu teño que poñer o 20%, o proxecto xa se reformoulou tres ou catro veces e xa está nunha concreción moi avanzada, compramos os terreos onde eles dixeron no Alto de Simou, o proxecto o contrataron e o pagaron eles, van a facer un proxecto para logo dicirme que non, eu creo que ao final haberá que pechar flecos e atopar financiamento, eu non dubido que eles vansen a volcar co problema de Auga de Ares, ademais eles son conscientes e veredes como vai a suceder e o recordaremos, a tubaría das Pías vai a romper, unha tubaría rota que perde dous ou tres quilos de presión a chorro acaba rompendo e o día que rompa evidentemente nos persoaremos en vía penal pero sen dubidalo nin un momento porque estivemos denunciando a situación e non nos fixeron caso e o día que rompa todo Fene, Ares e Mugar dos van a quedar sen auga e non un día, tres ou catro ata que atopen unha alternativa que por certo vai a ser provisional e non vai a ter presión e iso por desgraza vai a suceder, EMAFESA conta que suceda cando eles rematen e en consecuencia líbranse de facer inversión, é unha responsabilidade que alguén terá que esixir e nos o faremos, por suposto que o faremos.





En canto a policía local é necesaria, e en consecuencia así o expresamos e intentamos chegar a cinco, o ratio é de 1,8 cada 1000 habitantes iso é imposible porque con ese ratio teríamos que ter entre 7 e 8 policías, imos a ter 5 por cada 1000 habitantes e evidentemente ninguén crea policías para que estea todo o día na oficina, son para que saian a rúa e ninguén pode vir a que lle atenda a policía e que esté dous ou tres horas esperando e non poder informar sobre cando van a voltar a oficina, ten que haber alguén na oficina, e ter un policía na oficina é un luxo, ten que estar na rúa, ten que haber un administrativo pero un administrativo é moi caro entón poñemos un auxiliar administrativo.

Entendemos todos os flecos e faríamos todo o posible para que votardes a favor pero iso non depende de nós, o intentamos e este ano máis que nunca, pero non pasa nada, outros anos estaríame tirando dos pelos porque podería perigar a súa aprobación pero este ano vimos coa tranquilidade de que as contas vanse a aprobar pero tamén é un ano no que o COVID marcou unhas pautas de entendemento que nunca vin aquí ou ao mellor non o percibía, pero si teño que agradecer aos grupos o ton ao longo do ano pasado que foi un ano duro, isto aínda non rematou, eu lin informes moi malos sobre o que aínda nos falta por vivir da pandemia, a cuarta ola vai ter un impacto na xente xoven brutal se está a falar de cen mil casos diarios e un colapso total e absoluto do sistema sanitario porque todo o mundo xa ten claro que a cuarta ola vai vir da man dunha variante descontrolada, que non vai a controlar a vacina e que vai a afectar ao sector que aínda non vai a estar vacinado no verán que é a xente xoven e penso que vai a ser demoledor, oxalá non se cumpra ese diagnostico porque efectivamente fala dun número de contaxios moi importante estudantes, traballadores xente xoven que non vai a estar vacinado de aquí o verán e que agora ven unha variante de calquera sitio incluso española, unha variante cun cambio xenético que efectivamente vai a despistar aos anticorpos que xeran as vacinas que non está a poñer e eses informes existen, estanse a valorar nos ámbitos universitarios e científicos e esperemos que non sexa certo pero en calquera caso xa digo, neste concello dende o ano pasado houbo responsabilidade política non como noutros sitios que é un vergoña a política nacional e a política autonómica que nin en situacións críticas conseguen baixar o ton, o que aquí si que se conseguiu e iso efectivamente teño que agradecer e o agradecín insistindo en reunirnos as veces que fixo falta pero que non se acada un resultado final eu temen o entendo, aquí efectivamente hai que defender a oposición e ben, si se fai neste ton benvinda sexa aínda que non haxa un acordo total e absoluto eu teño que agradecer efectivamente o voso entendemento aínda que non se materialice nun voto favorable. Eu seguirei poñendo a disposición as explicacións oportunas a todas estas situacións sen volcar o impacto do plan no IBI, baixar o IBI e meter ao secretario nun follón porque el non pode informar a baixada dun imposto sen saber o impacto volcado no IBI, hai que esperar para volcar o plan e logo se fai o informe sobre a subida e a baixada pero sen datos que vai a informar, é unha decisión política pois faino ti é legal, pero que se fai co impacto económico e como fai o informe ao orzamento e o balance de ingresos e gastos, como medimos o impacto nos ingresos senón o sabemos entón digo, paciencia para a baixada do IBI porque unha vez volcado o plan e claro que si hai marxe imos a baixalo.

En canto a praza de auxiliar administrativo para a policía local, a policía ten que estar na rúa e oxalá poidamos levar a cabo esas cinco prazas porque efectivamente son necesarias.





En relación as obras do auga mercáronse os terreos onde dixo a xunta, imos a arranxar os depósitos dos Castros iso é unha realidade, 800 metros cúbicos que van a entrar de apoio nos momentos máis complicados e unha previsión de 700000€ para cambiar as tubarías de fibrocemento que aínda hai algunhas rúas con eles, e outros 700000€ para aportar a esa obra, isto efectivamente é a vontade, e esperamos que se materialice, pero este ano non vai a ser, non imos a chegar ao verán cos depósitos novos e o abastecemento novo, é imposible porque 700000€ non os imos a aportar de golpe, iso será vía anual e destinaranse trescentos e pico este ano e trescentos e pico o que ven, a xunta non vai a executar isto nun ano vai ser efectivamente plurianual, en un non, en dous ao mellor e en tres seguro polo tanto esta é a realidade e nós temos que estar preparados para o que nos digan e ter os cartos e este ano coa anulación da regra de gasto podemos pedilo, que este ano só se executa unha parte, o resto o gardamos para cando nolo pidan porque senón o piden este ano igual o piden o ano que ven e hai regra de gasto e non podemos pedir un préstamo pero con isto xa digo, agradezo o voso entendemento e a colaboración, e non renuncio a seguir avanzando nela, non renuncio a chegar a un acordo nas retribucións e nestes momentos non renuncio a seguir con esta dinámica baixo unha crítica construtiva e o xogo político que efectivamente corresponde, eu aí non podo entrar, que aprobedes todo nunca foi a miña vontade pero que tampouco aprobedes nada tampouco paréceme razoable, porque do mesmo modo que sei que non fago todo ben, estou convencido de que tampouco fago todo mal, nin estadísticamente admítese iso, e imposible que eu faga todo mal e creo que esta lexislatura non sei si foi o COVID ou o que fora pero si é certo que calquera caso eu veño cómodo aquí, síntome cómodo e outras veces vir aos plenos xa me resultaba complicado.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que non se vai a modificar o documento porque urxe e non é cuestión de seguir deixando, e cuestión de avanzar sen perxuro de que se fagan modificacións de crédito porque imos a facelas e aí voltaremos a escoitar e si hai que corrixir algo vía modificación de crédito, pois claro que o faremos.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo referencia a súa intervención en canto as relacións institucionais deribadas do COVID, en canto as pautas de entendemento coincido con vostede, creo que fixemos todos/as un exercicio de responsabilidade política colectiva e polo tanto nós, agradecemos tamén e moito esta circunstancia e gostaríamos que se mantivese, non o COVID senón o que deribou ese entendemento, ese respecto e esa posibilidade de chegar a acordos e os que o entendemos así, gostaríamos que fose así sempre que se mantivese esta institución polos que estamos e polos que viran.

Ao respecto dalgunhas cuestións que quedaban por citar, na previsión de gastos de persoal é menor que o que se gastou o ano pasado, como é posible que si ademais veñen máis prazas e que ademais aplicouse unha suba do 0,9% aos traballadores/as.

En relación a previsión do préstamo o que apuntaba o Alcalde que el cando vai a xunta non vai a pedir que o fagan por escrito e que confía na boa vontade e na palabra da xunta neste caso, temos que lembrar o tema do POL que como ben citou aquí o voceiro de NAL realmente lle





dixeron unha cousa na xunta e finalmente foi outra e que ademais foi bastante negativa para os intereses do concello de Ares. A previsión do préstamo é iso, unha presión e polo tanto non vimos no expediente o citado estudo do préstamo e ademais imos anticiparlle ao concello poder negociar de maneira que se teñan en conta moitos aspectos e non vale calquera entidade financeira para negociar con eles, eu creo que xa estamos nun punto no que hai unha responsabilidade por parte das administracións públicas e unha delas é a relación que toman coas entidades financeiras, non vale calquera con todo o que nos roubaron e con todas as medidas que están a tomar que o queren e votar a xente das oficinas que non vaia ninguén alí, queren eliminar postos de traballo e que cada vez a cousa sexa por vía telemática e porque a eles lles sae máis barato e os beneficios son moito máis maiores polo tanto creo, que non hai que negociar con calquera entidade. Ademais de este proxecto de orzamento vemos que hai unha clara confusión nos documentos que se nos presentan porque nas bases de execución do orzamento e na súa base 25 referida as operación de crédito di que neste exercicio económico non se ten previsto ofertar operacións de préstamo polo tanto, por un lado anunciase e por outro se mantén que non se vai a levar a cabo.

No documento orzamentario creemos que faltan políticas de reactivación de emprego e máis nos tempos que estamos a vivir, necesitamos plans políticos para reactivar a economía a base do que temos cos recursos naturais de que dispón o noso concello e tamén con outras circunstancias que vaian a aprobar a creación do emprego local, basicamente estas son as cousas que queríamos apuntar, realmente estamos ante un proxecto orzamentario que estando relacionado coa situación na que estamos non implica para nada esa vontade que viñamos mantendo como ben dicía antes o Alcalde polo tanto neste sentido o noso voto vai ser en contra.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en relación ao informe económico-financieiro e a memoria explicativa por lei ten que recoller iso e mais cando se trata ducha inversión millonaria un crédito de dos millóns de euros e de obrigado cumprimento que se reflicte na memoria porque o di a lei, para a aprobación un orzamento ten que ser así, na memoria explicativa ten que facerse constar as obras, xa non vimos a pedir os importes porque iso non está ao alcance pero si como ben dixeches na xunta de voceiros, na comisión informativa e hoxe no pleno iso que ti dixeches ten que recollerse na memoria explicativa do orzamento e non creo que custe tanto mandar a un funcionario que recolla a intencionalidade por parte do goberno municipal das obras polas cales se van a destinar eses dos millóns de euros.

En canto o tema das retribucións, non chegamos a un acordo e non houbo forma de chegar a un acordo por parte do BNG pero si lle quero lembrar unha cousa ao voceiro do BNG, no Concello de Zas esta a gobernar o BNG por maioría absoluta, e o resto dos concelleiros son do PP, o Alcalde ten una dedicación exclusiva de 42000€ e a semana pasada o Alcalde levou a pleno dous dedicación parciais máis, un Alcalde do BNG, e ninguén está montando un escándalo, si as cousas se fan con bo ton e boa harmonía creo que deberíamos chegar a un acordo, non vou a falar máis porque xa o falamos na xunta de voceiros.





Pola nosa parte intentamos chegar a un acordo para aprobar o orzamento pero con estas deficiencias ímonos a abster, creo que é unha abstención positiva, quero facer constar que a nosa intención sempre foi votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde aclarando que o préstamo ten que volver ao pleno, no orzamento vai unha previsión de solicitude, pero logo ten que aprobarse a operación concreta no pleno e aí si que virá cunha memoria xustificativa da solicitude, porque a operación de crédito ten que estar motivada coas explicacións oportunas e coa súa finalidade, polo tanto iso é un momento posterior porque temos que aportar inicialmente un vinte por cento pero tampouco sabemos concretamente a cantidade e non todo é para a obra da xunta, máis de setecentos mil euros son para facer obras no concello que tamén temos que xustificar na operación de crédito e logo tamén dixen que hai una cantidade que era para iniciar o cemiterio que era o máis preocupante que se vai a recuperar a través da venda de nichos porque o cemiterio da ingresos polo tanto, a memoria do préstamo abarcara isto, en consecuencia damos por rematado o debate do orzamento 2021.

A verdade é que se fixeron moitas reunións e non vemos moitas alternativa dende o goberno que defendelo porque nos vai a vida en defender esta oportunidade porque si para o ano nos volven a meter a regra de gasto quedamos mal, porque sen regra de gasto nos permite avanzar na obra de abastecemento que necesita uns cartos que non temos, case o vinte e cinco por cento do orzamento.

En canto as retribucións recuperáronse as comisións quincenais pero non entendo que non podamos chegar a un acordo, Mugar dos un concello similar ao noso ten dedicacións parciais para todos os concelleiros e os plenos son maiores pero efectivamente aquí hai un transfondo político.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación do **"ORZAMENTO 2021"** o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) 2 en contra (2 BNG) e 3 abstencións (3PP), acorda:

1. Aprobar con carácter inicial o orzamento, relación de postos de traballo e cadro de persoal para o exercizo 2021.
2. De conformidade có artigo 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñeráse a procedemento de aprobación mediante publicación no B.O.P a efectos de reclamación polo prazo de 15 días.
3. En ausencia de reclamación o presente acordo parcial elevarase automaticamente a definitivo procedéndose á publicación do orzamento resumido por capítulos, así como o cadro de persoal.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

